

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

10669 *Orde ITC/1722/2009, do 26 de xuño, pola que se regula, para o ano 2008 e o primeiro semestre de 2009, a minoración da retribución da actividade de produción de enerxía eléctrica no importe equivalente ao maior ingreso derivado da asignación gratuíta de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.*

O artigo dous do Real decreto lei 3/2006, do 24 de febreiro, polo que se modifica o mecanismo de casación das ofertas de venda e adquisición de enerxía presentadas simultaneamente ao mercado diario e intradiario de produción por suxeitos do sector eléctrico pertencentes ao mesmo grupo empresarial, estableceu que a retribución da actividade de produción de enerxía eléctrica se minorará polo importe equivalente ao valor dos dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro asignados gratuitamente aos produtores de enerxía eléctrica no Plan Nacional de Asignación 2005-2007 durante os períodos que correspondan.

Así mesmo, o número 3 do artigo dous do Real decreto lei 3/2006, do 24 de febreiro, habilitou o ministro de Industria, Turismo e Comercio para o desenvolvemento regulamentario do mesmo artigo, o cal foi levado a cabo, para o ano 2006, mediante a Orde ITC/3315/2007, do 15 de novembro, e para 2007 mediante orde do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio da mesma data que a presente orde.

Con posterioridade, o Plan Nacional de Asignación de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro 2008-2012, aprobado polo Real decreto 1370/2006, do 24 de novembro, e modificado polo Real decreto 1030/2007, do 20 de xullo, estableceu a asignación gratuíta ás instalacións de produción de enerxía eléctrica dunha media anual de 53,630 millóns de toneladas de CO₂ para o citado período. O 2 de novembro de 2007 o Consello de Ministros aprobou a asignación individualizada dos dereitos de emisión para o correspondente período e o 20 de marzo de 2008, o Consello de Ministros aprobou a asignación de dereitos de emisión a instalacións que teñen a consideración de novos entrantes durante o período 2008-2012.

Ao abeiro dos mesmos principios que xustificaron o Real decreto lei 3/2006, do 24 de febreiro, o Real decreto lei 11/2007, do 7 de decembro, polo que se detrae da retribución da actividade de produción de enerxía eléctrica o maior ingreso derivado da asignación gratuíta de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, estende a minoración a partir do 1 de xaneiro de 2008, obrigando os titulares de instalacións de produción de enerxía eléctrica a realizaren un pagamento anual, que se calculará atendendo a variables obxectivas. A cantidade pola que se minora a retribución das instalacións de produción será equivalente ao maior ingreso obtido pola internalización, repercusión ou incorporación nas ofertas de venda do custo dos dereitos.

Igualmente, a disposición adicional primeira do Real decreto lei 11/2007, do 7 de decembro, habilita o ministro de Industria, Turismo e Comercio para ditar, logo do informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, as disposicións regulamentarias que sexan necesarias para o desenvolvemento deste real decreto lei.

Recentemente foi aprobado o Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, polo que se adoptan determinadas medidas no sector enerxético e se aproba o bono social, cuxa disposición transitoria sexta mantén a aplicabilidade do réxime establecido polo Real decreto lei 11/2007, do 7 de decembro, ata o 1 de xullo de 2009.

Ao abeiro das disposicións legais citadas, esta orde estende a aplicación da metodoloxía da Orde ITC/3315/2007, do 15 de novembro, ao período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2008 e o 30 de xuño de 2009.

De conformidade co disposto na disposición adicional décimo primeira, punto terceiro.1, funcións segunda e cuarta da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e no

Real decreto 1339/1999, do 31 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Comisión Nacional de Enerxía, esta emitiu o seu preceptivo informe 16/2009, do 16 de xuño de 2009.

Por outra parte, para a elaboración da orde realizouse o preceptivo trámite de audiencia aos interesados e o texto desta orde foi sometido a informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos na súa reunión do día 26 de xuño de 2009.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto desta orde a regulación da minoración da retribución da actividade de produción de enerxía eléctrica por un importe equivalente ao maior ingreso obtido pola internalización, repercusión ou incorporación nas ofertas de venda do custo dos dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro asignados gratuitamente a esta actividade.

Artigo 2. *Ámbito subxectivo de aplicación.*

1. O disposto nesta orde será de aplicación aos titulares de cada unha das instalacións de produción de enerxía eléctrica en réxime ordinario, calquera que sexa a súa tecnoloxía, no territorio peninsular.

2. Non están suxeitas a esta disposición as instalacións de xeración de enerxía eléctrica en réxime especial nin as instalacións a que fai referencia a disposición adicional sexta do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial. Tampouco están suxeitas as instalacións dos territorios insulares e extrapeninsulares.

Artigo 3. *Ámbito obxectivo de aplicación.*

A minoración afectará a retribución das instalacións de produción de enerxía eléctrica a que fai referencia o artigo 2 desta orde, con independencia da modalidade de contratación utilizada.

Artigo 4. *Minoracións correspondentes ao ano 2008 e primeiro semestre de 2009.*

1. Os titulares definidos no artigo 2.1 realizarán, nas contas en réxime de depósito da Comisión Nacional de Enerxía a que se refire a disposición adicional desta orde, un pagamento correspondente ao período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano 2008, ambos os dous incluídos, e un pagamento correspondente ao período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño do ano 2009, ambos os dous incluídos, con obxecto de minorar a retribución da actividade de produción de enerxía eléctrica por un importe equivalente ao maior ingreso obtido pola internalización, repercusión ou incorporación nas ofertas de venda do custo dos dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro asignados gratuitamente a esta actividade.

2. As contías da minoración serán para cada período equivalentes ao sobreingreso obtido, nos termos establecidos nesta orde.

Artigo 5. *Cálculo das contías dos pagamentos.*

Os pagamentos correspondentes a cada instalación de xeración de enerxía eléctrica a que fan referencia os artigos 2.1 e 4 desta orde calcularanse separadamente, para cada un dos dous períodos T comprendidos entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano 2008, ambos os dous incluídos, e entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño do ano 2009, ambos os dous incluídos, segundo as fórmulas seguintes:

a) Instalacións non asignatarias de dereitos de emisión no Plan Nacional de Asignación 2008-2012.

$$Y_i^T = Q_i^T \times FE_m \times PCO_{2T}$$

onde:

Y_i^T son os pagamentos, en euros, correspondentes á instalación i-ésima non asignataria de dereitos de emisión para cada un dos dous períodos T considerados.

Q_i^T é a cantidade total de enerxía eléctrica producida pola instalación i -ésima durante os períodos T , comprendidos entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano 2008, e entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño do ano 2009, ambos os dous incluídos, respectivamente. Para os efectos desta orde, computarase a enerxía medida en barras de central. Para aquelas instalacións cuxa entrada en operación comercial, entendida esta como a alta definitiva no rexistro de instalacións de réxime ordinario a que se refire o artigo 171 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, fornecemento e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sexa posterior ao 1 de xaneiro de 2008 ou ao 1 de xaneiro de 2009, dependendo do período T para o cal se calcule, será a cantidade total de enerxía eléctrica producida durante o período transcorrido entre a data de inscrición no rexistro e o 31 de decembro ou o 30 de xuño respectivamente.

No caso de instalacións de bombeo, para o cálculo da detracción considerarase a produción neta do período T . Se a produción neta resultar negativa, o valor de Q_i^T será cero.

P^{CO_2T} son os prezos medios da tonelada equivalente de CO_2 nos períodos T , comprendidos entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano 2008, ambos os dous incluídos, e entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño do ano 2009, ambos os dous incluídos, respectivamente, medidos en euros por tonelada equivalente de CO_2 . Calcularanse como a media do prezo ao contado de cada un dos días do período correspondente da tonelada equivalente de CO_2 no mercado de Powernext S.A. (BlueNext Spot EUA 08-12). Os días de negociación considerarase o prezo de peche do mercado, e o resto dos días considerarase o prezo de peche do último día de negociación anterior. Para as instalacións cuxa entrada en operación comercial, entendida esta como a alta definitiva no rexistro de instalacións de réxime ordinario a que se refire o artigo 171 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, sexa posterior ao 1 de xaneiro de 2008 ou ao 1 de xaneiro de 2009, dependendo do período T para o que se calcule, consideraranse só os días do período a partir da dita data de inscrición.

FE_m é o factor de emisión dunha instalación de ciclo combinado de gas natural, en toneladas equivalentes de CO_2 por megavatio hora. FE_m adoptará o valor de 0,365 ton CO_2 /MWh.

b) Instalacións asignatarias de dereitos de emisión no Plan Nacional de Asignación 2008-2012.

$$X_i^T = \frac{d}{366} \times DA_i^T \times P^{CO_2T} \times \frac{FE_m}{FE_i}$$

onde:

X_i^T son os pagamentos, en euros, correspondentes á instalación i -ésima asignataria de dereitos de emisión para os períodos T , comprendidos entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano 2008, ambos os dous incluídos, e entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño do ano 2009, ambos os dous incluídos, respectivamente. Para cada instalación asignataria, o límite máximo para o valor de X_i^T será o que resulte de aplicarlle á dita instalación a fórmula de detracción das tecnoloxías non asignatarias do artigo 5, alínea a) no período T correspondente.

d é o número de días de operación comercial da instalación i no período T correspondente. Para aquelas instalacións cuxa entrada en operación comercial, entendida esta como a alta definitiva no rexistro de instalacións de réxime ordinario a que se refire o artigo 171 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, sexa anterior ao 1 de xaneiro de 2008 ou ao 1 de xaneiro de 2009, dependendo do período T para o cal se calcule, d tomará o valor de 366 ou 181, respectivamente. Para as instalacións con entrada en operación posterior a esa data, o valor de d calcularase como o número de días transcorridos entre a data de inscrición no rexistro e o 31 de decembro de 2008 ou o 30 de xuño de 2009, dependendo do período T para o que se calcule.

DA_1^T é a cantidade de dereitos asignados gratuitamente no Plan Nacional de Asignación 2008-2012 á instalación i -ésima para o período T correspondente considerado, en toneladas equivalentes de CO_2 .

FE_1 é o factor de emisión da instalación i -ésima, en toneladas equivalentes de CO_2 por megavatio hora.

FE_m e P^{CO_2T} son as variables definidas na alínea anterior.

No caso de cambio de titularidade dunha instalación durante os períodos de aplicación desta orde, os pagamentos, en euros, correspondentes á instalación asignataria de dereitos de emisión calcularanse para cada titular considerando os termos d e P^{CO_2T} durante o número de días en que cada parte tivo a titularidade da instalación.

Disposición adicional única. *Notificación e pagamento.*

1. Habilítase a Comisión Nacional de Enerxía para solicitar a información necesaria para dar cumprimento ás obrigas impostas por esta orde.

2. Antes de que transcorran dous meses desde a entrada en vigor desta orde, a Comisión Nacional de Enerxía notificaralles aos titulares de instalacións e á Secretaría de Estado de Enerxía os importes resultantes da minoración da retribución, detallando os cálculos realizados e as contas en réxime de depósito onde se farán efectivos os pagamentos correspondentes a cada un dos dous períodos considerados comprendidos entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano 2008, ambos os dous incluídos, e entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño do ano 2009, ambos os dous incluídos, respectivamente.

3. As empresas titulares das instalacións a que se refire o artigo 2 deberán realizar os ingresos dos importes resultantes da minoración nas contas que para estes efectos lles notificase a Comisión Nacional de Enerxía conforme o punto anterior, dispondo, desde a recepción da notificación da Comisión Nacional de Enerxía dun prazo de dous meses para a realización destes ingresos. Estes pagamentos terán a consideración de ingresos liquidables do sistema, de conformidade co establecido no Real decreto 871/2007, do 29 de xuño, polo que se axustan as tarifas eléctricas a partir do 1 de xullo de 2007.

4. En virtude do número 2 da disposición adicional vixésimo primeira da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, o importe neto correspondente ás minoracións dedicarase a reducir o déficit ex ante de ingresos do sistema eléctrico no ano 2008 e exercicios seguintes.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 26 de xuño de 2009.—O ministro de Industria, Turismo e Comercio, Miguel Sebastián Gascón.